



c u s p e

virgulinha

son toda eu inexacta
insoporable por impulsiva
impertinente por insistente
imperfecta por incisiva
incoherente

Iolanda Zúñiga

publicidade

eu quixera ser muller
pero son un ente descoñecido

no limbo.

símil I

se a liña se esvae
á altura do meu ventre,
boca líquida.

gastala ao camiñar
coma xeración anterior
sen que os bastardos saiban dela
nin de nós.

símil II

levar á boca
o sangue que nada cara a gorxa

esa escea pornográfica
das tres baleas varadas
á sombra da figueira

sen glóbulo
no beizo.

idolatría

nesta cidade industrial
o solpor é laranxa
as gaivotas molestas
a periferia tranquila
 en domingo sen oito horas laborais.

ao lonxe,
coches coches coches moitos
murmurio de fricción
caucho e asfalto
quentes.

pregúntome
por que resulta tan romántico,
tan fío condutor de historias nocturnas

sentido de camiño
cara o altar maior

finxo
máxico
íntimo
especial
contemplar a rutina.

ceo I

a centovintequilómetros hora
non se pode respirar
co meu letexante-pa-papám-papám
saindo da caixa negra
—testigo necesario

paralicei as funcións vitais
reparei no ceo
tan azul,
tan limpo,
tan excusa.

á velocidade do son
deixei de respirar
coa caixa
tan escura...
tan destrozada.

ceo II

para presenciar
a transformación das túas mans

a tal hora
con x movemento:
metamorfose.

de inofensivas
a rudas
lindas e perfectas

percorréndome.

nai

durme ao meu carón

babexa enriba da almofada
cuspe postcoital

as costas ascenden, descenden

respiración forte,
lonxe.

non atenúo a tenrura:
ás veces penso en ser nai.

mesías

abrirche
as portas

escoitar
á pinga caer
(lentitude harmoniosa)

fóra
as horas
coma a condena

ti, chave

morriña
de amores asasinados
peza
que fai das perdas

sombras
imitacións

da pedra salvadora
da man necesaria

amén.

